

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 24 de febreiro de 2015 pola que se convocan as actividades formativas para o persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia.

Aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2015 polo Consello Reitor, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 4/1987, do 27 de maio, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, convócanse as actividades de formación para o persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia do ano 2015 que se detallan nos anexos desta resolución,

RESOLVO:

Publicar a convocatoria das actividades formativas que figuran no anexo II, que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I Bases

Primeira. *Requisitos dos participantes*

Poderán participar nas actividades formativas convocadas nesta resolución:

1. Os empregados públicos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa, auxilio xudicial e médicos forenses da Administración de xustiza en Galicia en situación de servizo activo, permiso por maternidade, adopción ou acollemento ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos na presente convocatoria.

2. Os membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



Toda persoa solicitante que ao iniciar o curso estea en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da listaxe do persoal seleccionado. Esta incidencia deberá ser comunicada á EGAP con carácter inmediato.

Segunda. *Desenvolvemento das actividades de formación*

Os cursos realizaranse cos requirimentos, duración e condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <http://egap.xunta.es>

Terceira. *Solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes de participación nas actividades formativas só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <http://egap.xunta.es/matricula> desde as 8.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 14.00 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

3. O número máximo de cursos que se pode solicitar límtase a cinco.

4. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección ou sexan presentadas fóra de prazo.

5. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listas de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

6. As persoas interesadas en recibir mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

7. As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade de teleformación deberán dispor dunha conta de correo electrónico cuxo enderezo terán que indicar na solicitude e dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

– Un computador con conexión á internet.



– Un navegador web co plugin de flash.

8. As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas de acordo cos criterios de selección (discapacidade, permiso de maternidade, etc.) poderán remitirle á EGAP a correspondente documentación complementaria, xunto cunha copia do formulario da matrícula, ao número de fax 981 54 63 39 ou ao enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.es, sen prexuízo do previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27). A dita documentación deberá enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario só serán considerados os datos achegados por correo electrónico. A documentación deberá presentarse dentro do prazo sinalado no punto 1 desta base.

9. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57 e 981 54 62 53, do número de fax 981 54 63 39 e do enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.es

Cuarta. *Criterios de selección*

1. Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración Pública de 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10).

Para os efectos do previsto no punto segundo da citada resolución, o baremo que se empregará para a selección establécese sobre unha base de 100 puntos, dos cales o 60 % estará vinculado ao número de horas de formación recibidas nos dous últimos anos e o 40 % restante á antigüidade na Administración.

Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo a que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG do 25). Para o ano 2015, segundo a Resolución do 29 de xaneiro (DOG do 11 de febreiro), comezase pola letra S.

2. No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos do curso poderá completarse o número de alumnos asignado mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP.



Quinta. *Publicación das relacións do alumnado seleccionado*

1. A EGAP publicará no enderezo <http://egap.xunta.es> unha relación das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número adecuado de reservas.

O prazo de presentación de alegacións será de cinco días naturais desde a súa publicación.

Ademais, quen facilite os correspondentes datos na solicitude será informado da súa selección a través do correo electrónico e da mensaxaría telefónica. Entenderase que as persoas que non figuren na relación foron excluídas por algunha das razóns expresadas nas bases da convocatoria ou ocupan un posto máis afastado na lista de espera, todo isto de acordo co disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Transcorrido o prazo de alegacións, a EGAP publicará no enderezo <http://egap.xunta.es> a listaxe definitiva de persoas admitidas no curso.

Sexta. *Cambios ou substitucións na selección, renuncia e asistencia*

1. Os cambios ou as substitucións na selección:

En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

2. A renuncia:

a) As persoas seleccionadas só poderán renunciar á actividade formativa:

- Por causa de forza maior suficientemente acreditada.
- Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte dos responsables dos centros directivos.
- Por outras causas xustificadas documentalmente.

b) A renuncia debe ser comunicada por escrito á Escola Galega de Administración Pública cunha antelación mínima de tres días hábiles anteriores ao inicio da actividade formativa. Na páxina web da escola está dispoñible un modelo de renuncia.



Para isto poderase utilizar, ademais do previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27), calquera das seguintes vías:

- O enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.es
- O número de fax 981 54 63 39.

c) As persoas que incumpran o previsto nas alíneas a) e b) pasarán ao final das listas de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

3. A asistencia e a puntualidade:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e mais a puntualidade.

b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.

c) As faltas de asistencia nas actividades presenciais:

1º. Non poden superar en ningún caso o 10 % das horas lectivas presenciais. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante os responsables da actividade formativa nun prazo máximo de dez (10) días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

2º. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % das horas lectivas presenciais pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

d) Seguimento das actividades de teleformación:

As persoas que non completen o 75 % das actividades e tarefas propostas pola titoría pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.



Sétima. *Realización de probas*

1. Para poder superar as actividades de formación, o alumnado deberá superar unha proba de avaliación que se realizará ao final delas, tanto na modalidade de teleformación como nos cursos que se impartan de xeito presencial. As probas poderanse desenvolver de xeito descentralizado nas sedes que se determinen no comezo de cada actividade.

Nas actividades formativas encadradas dentro do Plan formativo ofimático de Galicia a proba final de avaliación terá igualmente carácter presencial e desenvolverase na sede da EGAP en Santiago de Compostela.

2. Para poder superar os cursos de teleformación é necesario cumprir unha serie de requisitos obrigatorios na súa totalidade:

– A asistencia á sesión presencial de apertura, se a houber.

– A adecuada realización de todas as actividades que o titor propoña. Estas deben constar debidamente presentadas nos prazos estipulados na programación didáctica do curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final presencial.

As actividades farán referencia a arquivos que os alumnos deberán manexar coa ferramenta ofimática correspondente (LibreOffice 4.2.6, Windows 7).

– Para poder aprobar a actividade formativa, o alumnado deberá superar unha proba final de avaliación.

Ao inicio da actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas, así como as datas en que estas terán lugar. Salvo que se determine outra cousa, nestas actividades as probas de avaliación finais serán presenciais nos lugares e nas datas que se establezan. A EGAP informará a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación das datas concretas e das horas da proba final.

Oitava. *Certificado de aproveitamento*

Para a obtención do certificado de aproveitamento, o alumnado deberá obter a avaliación positiva do seu profesorado, o cal emitirá un informe en que declare apto ou non apto cada alumno/a en función do resultado da proba.



Non se expedirán certificados de asistencia sen a superación do curso.

Novena. *Facultades da EGAP*

1. A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e pode suprimir algunha, ampliar novas edicións da programación ou programar outras actividades diferentes cando así o exixan as circunstancias que afecten á súa organización ou docencia. Tamén lle corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

2. A execución material das actividades queda condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50 % das prazas convocadas, a EGAP resérvase o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso no que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten o desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da Escola.

5. A EGAP garantirá na totalidade das actividades derivadas desta convocatoria a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.





ANEXO II

| Código | Denominación | Prazas | Horas | Cualificación | Destinatarios | Localidade/ Modalidade | Datas | Data proba de avaliación | Horario |
|------------------------|---|--------|-------|----------------|--|---------------------------|-------------------------|-----------------------------|---------------|
| Itinerarios formativos | | | | | | | | | |
| FX15006 | Módulo I. Execución civil: disposicións xerais | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 6.4.2015 30.4.2015 | 5.5.2015 | Teleformación |
| FX15006 | Módulo I. Execución civil: disposicións xerais | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 5.10.2015 29.10.2015 | 3.11.2015 | Teleformación |
| FX15009 | Módulo II. Execución civil: procedemento de constrinximento e trámites posteriores. Especialidades da execución hipotecaria | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 11.5.2015 4.6.2015 | 11.6.2015 | Teleformación |
| FX15009 | Módulo II. Execución civil: procedemento de constrinximento e trámites posteriores. Especialidades da execución hipotecaria | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 3.11.2015 27.11.2015 | 2.12.2015 | Teleformación |
| FX15014 | Módulo III. Procedementos civís: disposicións xerais e modalidades procesuais | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 7.9.2015 1.10.2015 | 6.10.2015 | Teleformación |





| Código | Denominación | Prazas | Horas | Cualificación | Destinatarios | Localidade/ Modalidade | Datas | Data proba de avaliación | Horario |
|---------|--|--------|-------|----------------|--|---------------------------|-------------------------|-----------------------------|---------------|
| FX15014 | Módulo III. Procedementos civís: disposicións xerais e modalidades procesuais | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 3.11.2015 27.11.2015 | 2.12.2015 | Teleformación |
| Social | | | | | | | | | |
| FX15007 | Módulo I. Lexislación social I | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 6.4.2015 30.4.2015 | 5.5.2015 | Teleformación |
| FX15007 | Módulo I. Lexislación social I | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 5.10.2015 29.10.2015 | 3.11.2015 | Teleformación |
| FX15011 | Módulo II. Lexislación social II | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 11.5.2015 4.6.2015 | 11.6.2015 | Teleformación |
| FX15011 | Módulo II. Lexislación social II | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 3.11.2015 27.11.2015 | 2.12.2015 | Teleformación |



| Código | Denominación | Prazas | Horas | Cualificación | Destinatarios | Localidade/ Modalidade | Datas | Data proba de avaliación | Horario |
|-------------|--|--------|-------|----------------|--|---------------------------|-------------------------|-----------------------------|---------------|
| FX15013 | Módulo III. A execución no proceso laboral | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 7.9.2015 1.10.2015 | 6.10.2015 | Teleformación |
| FX15013 | Módulo III. A execución no proceso laboral | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 3.11.2015 27.11.2015 | 3.12.2015 | Teleformación |
| Contencioso | | | | | | | | | |
| FX15005 | Módulo I. Contencioso I | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 3.6.2015 27.6.2015 | 1.7.2015 | Teleformación |
| FX15005 | Módulo I. Contencioso I | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 5.10.2015 29.10.2015 | 3.11.2015 | Teleformación |
| FX15010 | Módulo II. Contencioso II | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 3.6.2015 27.6.2015 | 1.7.2015 | Teleformación |



| Código | Denominación | Prazas | Horas | Cualificación | Destinatarios | Localidade/ Modalidade | Datas | Data proba de avaliación | Horario |
|---------|---|--------|-------|----------------|--|---------------------------|-------------------------|-----------------------------|---------------|
| FX15010 | Módulo II. Contencioso II | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 3.11.2015 27.11.2015 | 3.12.2015 | Teleformación |
| Penal | | | | | | | | | |
| FX15008 | Módulo I. Xulgados de garda e xulgados de instrución. Xestión do servizo de garda | 50 | 30 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 7.9.2015 6.10.2015 | 6.10.2015 | Teleformación |
| FX15008 | Módulo I. Xulgados de garda e xulgados de instrución. Xestión do servizo de garda | 50 | 30 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 5.10.2015 3.11.2015 | 4.11.2015 | Teleformación |
| FX15012 | Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación | 50 | 30 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 6.4.2015 5.5.2015 | 6.5.2015 | Teleformación |
| FX15012 | Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación | 50 | 30 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 3.11.2015 2.12.2015 | 3.12.2015 | Teleformación |



| Código | Denominación | Prazas | Horas | Cualificación | Destinatarios | Localidade/ Modalidade | Datas | Data proba de avaliación | Horario |
|---------------------------|---|--------|-------|----------------|--|---------------------------|-------------------------|-----------------------------|---------------|
| FX15015 | Módulo III. Execución penal. Análise das normas de aplicación. Guías de tramitación | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 3.6.2015 27.6.2015 | 1.7.2015 | Teleformación |
| FX15015 | Módulo III. Execución penal. Análise das normas de aplicación. Guías de tramitación | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 5.10.2015 29.10.2015 | 4.11.2015 | Teleformación |
| Coñecementos transversais | | | | | | | | | |
| FX15001 | Básico de prevención de riscos laborais | 50 | 30 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 11.5.2015 4.6.2015 | 11.6.2015 | Teleformación |
| FX15003 | Protección de datos | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 6.4.2015 30.4.2015 | 6.5.2015 | Teleformación |
| FX15003 | Protección de datos | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 7.9.2015 1.10.2015 | 6.10.2015 | Teleformación |



| Código | Denominación | Prazas | Horas | Cualificación | Destinatarios | Localidade/ Modalidade | Datas | Data proba de avaliación | Horario |
|--|---|--------|-------|----------------|--|---------------------------|-------------------------|-----------------------------|---------------|
| Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) | | | | | | | | | |
| FX15021 | O uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza (Lei 18/2011) | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 6.4.2015 30.4.2015 | 5.5.2015 | Teleformación |
| FX15021 | O uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza (Lei 18/2011) | 50 | 25 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 5.10.2015 29.10.2015 | 4.11.2015 | Teleformación |
| FX15016 | Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base) | 50 | 50 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 14.9.2015 3.11.2015 | 5.11.2015 | Teleformación |
| FX15017 | Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc) | 50 | 50 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 6.4.2015 25.5.2015 | 28.5.2015 | Teleformación |
| FX15018 | Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer) | 50 | 30 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 1.10.2015 30.10.2015 | 5.11.2015 | Teleformación |



| Código | Denominación | Prazas | Horas | Cualificación | Destinatarios | Localidade/ Modalidade | Datas | Data proba de avaliación | Horario |
|------------------|--|--------|-------|----------------|--|---------------------------|------------------------|-----------------------------|--|
| FX15019 | Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress) | 50 | 30 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 27.5.2015 25.6.2015 | 30.6.2015 | Teleformación |
| FX15020 | Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (contorno Windows) | 50 | 30 | Aproveitamento | Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. | Teleformación | 27.4.2015 26.5.2015 | 28.5.2015 | Teleformación |
| Medicina forense | | | | | | | | | |
| FX15002 | Biomecánica dos accidentes de tráfico: análise pormenorizado da escordadura cervical | 30 | 12 | Aproveitamento | Médicos forenses do Instituto de Medicina Legal de Galicia. | Santiago de Compostela | 16.4.2015 17.4.2015 | 17.4.2015 | Día 16: Das 16.00 ás 20.00 horas. Día 17: Das 10.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 20.00 horas |
| FX15004 | Curso práctico de fotografía forense: usos en clínica e patoloxía médico-legal | 30 | 12 | Aproveitamento | Médicos forenses do Instituto de Medicina Legal de Galicia. | Santiago de Compostela | 11.6.2015 12.6.2015 | 12.6.2015 | Día 11: Das 16.00 ás 20.00 horas. Día 12: Das 10.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 20.00 horas |